

ACORDO DE PRÓRROGA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS DOS ESTUDOS OFICIAIS DE GRAO E MÁSTER

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, don Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e de conformidade cos Decretos 144/2024 e 145/2024, do 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e co Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos, así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte, don Ricardo José Cao Abad, reitor da Universidade da Coruña (UDC), con sede na rúa da Maestranza, 9, 15001 A Coruña, e con CIF Q6550005J. Actúa en nome e representación da nomeada institución, no uso das atribucións que lle confire o artigo 36.1.f) dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, que outorga ao reitor a facultade de asinar os convenios en nome da Universidade de A Coruña (UDC).

E doutra, dona Rocío Mosquera Álvarez, actuando en nome e representación de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A., en calidade de directora-xerente e como apoderada, resultando as súas facultades xenéricas do acordado polo Consello de Administración da dita entidade en data 22 de xaneiro de 2018, elevado a escritura pública o 22 de febreiro de 2018, outorgada ante o notario de Santiago de Compostela, D. Manuel Remuñán López, co número 366 do seu protocolo. En adiante, "GALARIA".

As partes recoñécense mutuamente plena capacidade legal para subscribir o presente acordo de prórroga e

EXPOÑEN

PRIMEIRO. O 19 de maio do 2021, asínase o convenio de colaboración educativa entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e a Universidade da Coruña no que se establecen a forma e condicións de cooperación entre as partes para a realización de prácticas externas dos estudos oficiais de grao e máster universitario nos centros e servizos asistenciais ou unidades administrativas que o Servizo Galego de Saúde ou a Consellería de Sanidade, no ámbito das súas competencias, poñan á disposición a tal fin.

SEGUNDO. O 23 de decembro do 2022, asínase a adenda ao convenio de colaboración entra a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e a Universidade de A Coruña para a realización de prácticas externas dos estudos oficiais de grao e máster para a adhesión de Galaria, empresa pública de servizos sanitarios, S.A.

TERCEIRO. O 11 de decembro do 2024, asínase a adenda que modifica as cláusulas décimo cuarta "Vinculación laboral" e décimo quinta "Financiamento do convenio" do convenio asinado con data 19 de maio do 2021, engade unha cláusula décimo cuarta bis relativa á "Inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado que



realice prácticas externas baixo a aplicación do convenio” e incorpora novas titulacións ao Anexo I do convenio.

CUARTO. Na cláusula vixésimo primeira do convenio “Vixencia do convenio, modificación e prórroga” prevíuse que o prazo de vixencia sería de catro anos desde o día seguinte ao da súa sinatura, podendo prorrogarse por un período de ata catro anos adicionais.

QUINTO. As partes consideran de interese continuar coa colaboración iniciada con base no convenio de colaboración mencionado e estiman que é necesaria a súa renovación.

Á vista do anterior, as partes

ACORDAN

PRIMEIRO.- Prorrogar a duración do convenio por catro anos máis, prazo que se computará a partir do día 20 de maio de 2025 e ata o 19 de maio de 2029.

SEGUNDO.- O resto das cláusulas contidas no convenio e nas súas adendas permanecerán inalteradas.

E en proba de conformidade asínase o presente acordo de prórroga na data da sinatura dixital

O Conselleiro de Sanidade e Presidente do
Servizo Galego de Saúde e da Axencia
Galega de Coñecemento en Saúde

O Reitor da Universidade da Coruña

D. Antonio Gómez Caamaño

D. Ricardo José Cao Abad

Directora-Xerente de Galaria, Empresa
Pública de Servizos Sanitarios, S.A.

Dna. Rocío Mosquera Álvarez

